



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 62_xullo-decembro 2021 | pp. 87-117
Santiago de Compostela, 2021
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i62.4835>
© Daniel Casal Oubiña
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371
Recibido: 15/08/2021 | Aceptado: 16/12/2021

Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

Control escrito e asembleas legislativas autonómicas. Unha mellora da función parlamentaria?¹

Control escrito y asambleas
legislativas autonómicas.
¿Una mejora de la función
parlamentaria?

Written control and regional
legislative assemblies.
An improvement of the
parliamentary function?

62 Regap

Regap



ESTUDIOS

DANIEL CASAL OUBIÑA
Profesor de Ciencia Política
Universidade Complutense de Madrid

dancasal@ucm.es

Resumo: O fundamento da transformación do traballo parlamentario moderno explícase pola importancia dos partidos e a extensión das políticas redistributivas, cuxa principal consecuencia é o desprazamento do legislativo a favor do executivo. Este artigo analiza se o desenvolvemento das asembleas legislativas nas comunidades autónomas reforzou as cifras de control escrito. Para iso, o artigo analiza a función de control parlamentario, constrúe unha base de datos sobre os mecanismos de control escrito existentes nos 17 parlamentos autonómicos (preguntas escritas e solicitudes de informes) e propón unha modelización dos mecanismos de control escrito en función do seu posicionamento cara ao poder executivo (modelo racional) ou cara ao parlamento (modelo fiscalizador).¹

Palabras clave: Control escrito, Asemblea Lexislativa das Comunidades Autónomas, pregunta escrita, solicitude de informe.

¹ O autor deséxalles agradecer aos revisores o seu labor de avaliación do artigo. Ademais, quere dedicarllo ao profesor Ignacio Astarloa polas súas valiosas leccións sobre dereito parlamentario na Universidade Carlos III, así como ao profesor Adolfo Calatrava polas horas pasadas traballando no control escrito.

Resumen: El fundamento de la transformación del trabajo parlamentario moderno se explica por la importancia de los partidos y la extensión de las políticas redistributivas, cuya principal consecuencia es el desplazamiento del legislativo a favor del ejecutivo. Este artículo analiza si el desarrollo de las asambleas legislativas en las comunidades autónomas ha reforzado las cifras de control escrito. Para ello, el artículo analiza la función de control parlamentario, construye una base de datos sobre los mecanismos de control escrito existentes en los 17 parlamentos autonómicos (preguntas escritas y solicitudes de informes) y propone una modelización de los mecanismos de control escrito en función de su posicionamiento hacia el poder ejecutivo (modelo racional) o hacia el parlamento (modelo fiscalizador).

Palabras clave: Control escrito, Asamblea Legislativa de las Comunidades Autónomas, pregunta escrita, solicitud de informe.

Abstract: The foundation of the transformation of modern parliamentary work is explained by the importance of parties and the extension of redistributive policies whose main consequence is the displacement of the legislature in favor of the executive. This article analyzes whether the development of the legislative assemblies in the Autonomous Communities has strengthened the written control figures. To this end, the article analyzes the parliamentary control function, builds a database on the existing written control mechanisms in the 17 autonomous parliaments (written questions and requests for reports) and proposes a modeling of the written control mechanisms based on its position towards the executive branch (rational model) or towards parliament (supervisory model).

Key words: Written control, Legislative Assembly of the Autonomous Communities, written question, report request.

SUMARIO: 1 Introducción. 2 O control parlamentario escrito como marco analítico de referencia. 2.1 A posición do poder lexislativo nos sistemas políticos parlamentarios. 2.2 O concepto do control parlamentario. 2.3 O deseño parlamentario no Estado das comunidades autónomas. 3 Deseño da investigación. 3.1 Preguntas de resposta escrita. 3.2 Solicitud de información. 3.3 Modelización dos sistemas de control parlamentario escrito. 4 Resultados. 4.1 Preguntas con resposta escrita. 4.2 Solicitudes de informe. 5 Discusión de resultados. 6 Conclusións.

1 Introducción

Unha das principais características do parlamentarismo contemporáneo ten que ver coa progresiva importancia que foi adquirindo a función de control do poder lexislativo cara aos executivos e as administracións públicas².

A razón de ser desta transformación do labor parlamentario pódese explicar por varios factores. En primeiro lugar, a importancia dos partidos políticos, que a través da conformación de grupos parlamentarios, así como de gobernos sustentados en maiorías, debilita a importancia do labor lexislativo³.

² CUOCOLO, F., *Instituzioni di Diritto Pubblico*, Giuffrè, Milano, 1983, p. 226; BISCARETTI DI RUFFIA, P., *Derecho Constitucional*, Tecnos, Madrid, 1965, p. 404; ARAGÓN, M., "Información Parlamentaria y Función de Control", VV. AA., *Instrumentos de Información de las Cámaras Parlamentarias*, Centro de Estudios Constitucionales, Madrid, 1994, p. 23; MATIA PORTILLA, E., "Derecho a la información de los representantes políticos, protección de datos y transparencia", *Revista Jurídica de Castilla y León*, n. 42, 2017, p. 6.

³ GARCÍA MORILLO, J., *La Democracia en España*, Alianza Editorial, Madrid, 1998; APARICIO, M.A., *Introducción al sistema político y constitucional español*, Ariel, Barcelona, 1994; PÉREZ ROYO, J., *Curso de Derecho Constitucional*, Marcial Pons, Madrid, 1997; FERNÁNDEZ SARASOLA, I., "El control parlamentario y su regulación en el Ordenamiento español", *Revista Española de Derecho Constitucional*, n. 60, 2000, p. 90.

De forma paralela á institucionalización dos partidos, que adoptan o rol exclusivo de canalizadores da participación política organizada⁴, o desenvolvemento do Estado social e a xeneralización e extensión das políticas públicas redistributivas levaron consigo a expansión tanto da demanda dunha maior discrecionalidade e axilidade como da potestade regulamentaria, cuxa principal consecuencia é o desprazamento do lexislativo, en favor dos gobernos, como único poder do Estado dotado de capacidade normativa⁵.

O presente *paper* ten como pregunta principal coñecer se o desenvolvemento dos parlamentos autonómicos reforzou as figuras tradicionais de control parlamentario escrito aos gobernos. Para iso, o artigo divídese en tres partes. Primeiramente, analiza a función de control parlamentario como marco analítico de referencia; a continuación, preséntase a metodoloxía que se basea na construción dunha base de datos sobre os mecanismos de control escrito existentes nos 17 parlamentos autonómicos a partir das dúas figuras (preguntas escritas e solicitudes de informe) que lle permiten maior actuación individual directa ao parlamentario.

En segundo lugar, o *paper* presenta e discute os resultados analíticos da base de datos formulando unha modelización dos mecanismos de control parlamentario escrito existentes no Estado autonómico a partir do seu posicionamento cara aos gobernos autonómicos. Finalmente, o artigo presenta as conclusións e limitacións da investigación.

regap



ESTUDIOS

2 O control parlamentario escrito como marco analítico de referencia

2.1 A posición do poder lexislativo nos sistemas políticos parlamentarios

Posiblemente a clasificación que, con carácter xeral, é a que ten maior consenso no relativo á comprensión científica dos elementos básicos que definen calquera sistema político democrático se vincula co estudo da organización dos poderes do Estado⁶. Deste modo, LINZ⁷ establece que existen dous grandes modelos: o presidencialismo e o parlamentarismo, e SARTORI⁸ determina que, aínda que existen sistemas interme-

⁴ TORCAL, M., MONTERO, J.R. e TEORELL, J., "La participación política en España: modos y niveles en perspectiva comparada", *Revista de Estudios Políticos (Nueva Época)*, n. 132, 2006, p. 18.

⁵ CARRO FERNÁNDEZ-VALMAYOR, J.L. e GÓMEZ-FERRER MORANT, R., "La potestad reglamentaria del Gobierno y la Constitución", *Documentación Administrativa*, n. 188, 1980, p. 186; GARCÍA DE ENTERRÍA, E., *Legislación delegada, potestad reglamentaria y control judicial*, Civitas, Madrid, 1998.

⁶ LINARES, S., "Treinta Años del Debate Presidencialismo-Parlamentarismo. Un balance de las evidencias", *Revista Española de Ciencia Política*, n. 27, 2011, p. 9.

⁷ LINZ, J.J., "Presidential or parliamentary democracy: Does it make a difference?", Linz, J.J. e Valenzuela, A. (ed. lit.), *The failure of presidential democracy*, The Johns Hopkins University Press, Baltimore, 1994.

⁸ SARTORI, G., *Comparative Constitutional Engineering: An Inquiry into Structures, Incentives and Outcomes*, Palgrave MacMillan, Londres, 1994, p. 18.

dios, como o semipresidencialismo⁹, as súas dificultades de definición conceptual e a súa natureza híbrida fan que acabe orientándose cara a un dos dous modelos básicos¹⁰.

Os sistemas de corte presidencialista están inspirados no deseño constitucional do sistema político dos Estados Unidos e teñen como principal función lograr unha separación de poderes rixida a partir dun sistema de *checks and balances*¹¹ cuxa finalidade primaria persegue impedir que ningunha das ramas (executiva, lexislativa ou xudicial) monopolice o proceso de toma de decisións impondo o seu criterio ao resto de poderes do Estado¹². Para iso, SHUGART e HAGGARD¹³ sinalan que este tipo de deseños institucionais persegue que cada poder conte con lexitimación directa, elección separada e axenda propia.

Pola súa parte, os sistemas políticos de tipo parlamentario, inspirados en boa medida no sistema político do Reino Unido¹⁴, caracterizaríanse por organizar a división de poderes de forma radicalmente distinta, buscando a preeminencia do poder lexislativo a partir da súa vinculación mediata e directa coa comunidade política depositaria da soberanía nacional, que é quen designa os seus integrantes. Deste xeito, o resto de institucións do Estado requiren da participación parlamentaria para poder constituírse, operar plenamente e gozar de lexitimidade¹⁵.

Polo tanto, pódese afirmar que o parlamentarismo ten dúas dimensións básicas: a omnipresenza da institución parlamentaria e a responsabilidade do poder executivo.

A omnipresenza do poder lexislativo¹⁶ é o primeiro elemento nuclear dos sistemas parlamentarios. Esta afirmación parte do principio de que a cidadanía designa os integrantes das cámaras, os cales, no seu nome, activan o funcionamento do conxunto dos poderes do Estado e lexitiman o funcionamento dos seus diferentes órganos¹⁷.

A razón de ser desta primeira premisa aséntase en condicionantes políticos e históricos propios dos países europeos nos que o xurdimento de cámaras parlamentarias democráticas e representativas coexiste coa supervivencia de institucións do Antigo Réxime, coas que o poder lexislativo mantén unha tensión no relativo ao control dos procesos de toma de decisións que se resolve mediante un deseño institucional

⁹ DUVERGER, M., *Institutions politiques et droit constitutionnel*, Press University France, París, 1970.

¹⁰ PIZARRO MARTÍN, J.A., "Las ambigüedades del régimen semipresidencial: la experiencia de la federación de Rusia", *Revista de Derecho de la UNED*, n. 5, 2009, p. 428; COLLIARD, J.C., "El poder en el semipresidencialismo", *Cuestiones Constitucionales. Revista Mexicana de Derecho Constitucional*, n. 20, 2009, p. 94; MARTÍNEZ, R. e GARRIDO, A., *Sistemas mixtos de gobierno de tendencia presidencial*, Instituto de Ciencias Políticas y Sociales, Barcelona, 2000.

¹¹ NOHLEN, D., "El Presidencialismo Comparado", *Revista del Instituto de Altos Estudios Europeos*, n. 1, 2013, p. 7; TOCQUEVILLE, A. de, *La Democracia en América*, Alianza Editorial, 1835, p. 217.

¹² ALCÁNTARA SÁEZ, M., *Gobernabilidad, crisis y cambio*, Fondo de Cultura Económica, México, 1995, p. 104.

¹³ SHUGART, M. e HAGGARD, S., "Institutions and public policy in presidential systems", Haggard, S. e McCubbin, M.D. (eds.), *Presidents, Parliaments, and Policy*, Cambridge University Press, Cambridge, 2001, p. 64.

¹⁴ ALCÁNTARA SÁEZ, M., *Gobernabilidad, crisis y cambio*, cit., p. 104.

¹⁵ ANDUIZA PEREA, E., "El Sistema Político de Italia", Alcántara Sáez, M. (ed. lit.), *Sistemas Políticos de la Unión Europea*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2000, p. 380; SÁNCHEZ MEDERO, G. e SÁNCHEZ MEDERO, R., "El Sistema Político y sus elementos", Sánchez Medero, G. e Sánchez Medero, R. (dirs.), *Sistemas Políticos de Europa*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2014, p. 18.

¹⁶ LÓPEZ GUERRA, L., ESPÍN, E., GARCÍA MORILLO, J., PÉREZ TREMPES, P. e SATRÚSTEGUI, M., *Derecho Constitucional*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2018, p. 218; DUVERGER, M., *Institutions politiques et droit constitutionnel*, cit., p. 139.

¹⁷ RAZQUIN LIZÁRRAGA, M., "El control parlamentario del Gobierno de España", *Revista Jurídica de Navarra*, n. 41, 2006, p. 115.

baseado na afirmación do parlamento, e do seu labor legislativo e orzamentario, como expresión da vontade xeral¹⁸.

A segunda premisa dos sistemas políticos parlamentarios aséntase no principio de responsabilidade do poder executivo, que constitúe un principio esencial ligado ao carácter expresivo que da vontade xeral teñen as cámaras e que se traduce en dúas funcións claves: o outorgamento da confianza e o control do poder executivo.

Polo tanto, pódese afirmar que o poder legislativo se configurou nos modelos parlamentarios como un órgano dotado de tres funcións básicas: potestade legislativa, orzamentaria, e impulso e control do goberno. O desenvolvemento destas funcións, e o seu peso, foise modulando co paso do tempo. Deste modo, FERNÁNDEZ SARASOLA¹⁹ afirma que o parlamentarismo do liberalismo decimonónico tiña no labor legislativo e orzamentario a súa principal función dentro do sistema político, posto que deste xeito se evitaban os abusos do poder por parte da coroa, os ministros do gabinete do monarca e a interpretación xudicial dun estamento de maxistrados moi vinculado e relacionado co Antigo Réxime.

Non obstante, a evolución dos diferentes actores sociais e políticos²⁰ e, en paralelo, o desenvolvemento do Estado social ten dúas consecuencias, xa que se expande a potestade regulamentaria dos gobernos²¹ e, ao mesmo tempo, refórzase a súa posición no sistema político para evitar situacións de inestabilidade que impidan que se fagan efectivas as principais políticas públicas²² mediante o deseño de *checks and balances* dentro dos sistemas parlamentarios que actúan como contramedidas aos excesos do legislativo.

Nesta racionalización do labor parlamentario, destacan elementos como a existencia de maiorías cualificadas e construtivas para retirar a confianza ao executivo, a atribución ao poder executivo de certas capacidades legislativas por razón de urxencia ou de refundir normativa de complexidade técnica ou a articulación do traballo parlamentario a través de grupos políticos que limitan a actuación individual dos representantes²³.

Pero, sobre todo, destaca un desprazamento funcional do parlamento que, ante a progresiva gubernamentalización e partidización, comeza a ter no labor de control parlamentario a súa actividade máis relevante²⁴.

¹⁸ CASAL, D., "Estado, política y sociedad", Perelló Oliver, S. (ed.), *Estructura Social Contemporánea*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2019, p. 287.

¹⁹ FERNÁNDEZ SARASOLA, I. "El control parlamentario y su regulación en el Ordenamiento español", cit., p. 91.

²⁰ PANIAGUA SOTO, J.L. "Los estudios sobre el Parlamento y el Control Parlamentario: una aproximación desde la Ciencia Política", Tudela, J. (coord.), *Los parlamentos autonómicos en tiempos de crisis*, Fundación Manuel Giménez Abad de Estudios Parlamentarios y del Estado Autonómico, Zaragoza, 2015, p. 4.

²¹ CARRO FERNÁNDEZ-VALMAYOR, J.L. e GÓMEZ-FERRER MORANT, R., "La potestad reglamentaria del Gobierno y la Constitución", cit., p. 186; GARCÍA DE ENTERRÍA, E., *Legislación delegada, potestad reglamentaria y control judicial*, cit.

²² RAZQUIN LIZÁRRAGA, M., "El control parlamentario del Gobierno de España", cit., p. 114; PÉREZ ROYO, J., *Curso de Derecho Constitucional*, cit.; PORRAS NADALES, A., "Las preguntas escritas en la práctica parlamentaria española", *Revista de Estudios Políticos (Nueva Época)* n. 19, 1981, p. 108.

²³ GARCÍA MORILLO, J., "Mitos y realidades del parlamentarismo", *Revista del Centro de Estudios Constitucionales*, n. 9, 1991, p. 121.

²⁴ CUOCOLO, F., *Instituzioni di Diritto Pubblico*, cit., p. 226; BISCARETTI DI RUFFIA, P., *Derecho Constitucional*, cit., p. 404; ARAGÓN, M., "Información Parlamentaria y Función de Control", cit., p. 23.

2.2 O concepto do control parlamentario

O control adquiriu, co paso do tempo, un carácter de maior centralidade na vida política dos sistemas parlamentarios. Desde unha perspectiva ampla, pódese entender que o control ten un carácter expansivo que se proxecta cara a todas as esferas do traballo parlamentario, posto que “sempre que hai discusión se posibilita o control parlamentario das minorías”²⁵, o cal se ve reflectido en actividades como a tramitación lexislativa ou o labor orzamentario.

Non obstante, a función de control deriva do concepto de responsabilidade do executivo cara ao lexislativo²⁶, onde cohabitando coa maioría que avala as políticas gobernamentais existen opcións políticas que, como define DE VERGOTTINI²⁷, se sitúan en oposición lexitima e constitucional como unha alternativa que aspira a acadar a maioría parlamentaria.

Deste xeito, o control persecue que o lexislativo imponha a súa vontade ao executivo, o condicione ou o someta ao escrutinio público²⁸, tendo polo tanto unha vocación constitucional, proactiva ou crítica.

Táboa 1. Tipoloxías de control parlamentario por vocación

Tipo de control	Características
Constitucional	<ul style="list-style-type: none"> ▶ Suxeita o goberno aos parámetros da maioría parlamentaria que o apoia. ▶ Vincula o goberno coa separación de poderes e a función de cada institución.
Proactivo	<ul style="list-style-type: none"> ▶ Condiciona a actuación do goberno a suxestións ou direccións marcadas polo parlamento ás súas políticas. ▶ Non se limita a fiscalizar, senón a orientar a actuación do executivo.
Crítico	<ul style="list-style-type: none"> ▶ Persegue concretar a responsabilidade política ante determinadas actuacións. ▶ Ten como finalidade pór ante o escrutinio da opinión pública da acción de goberno coa finalidade de erosionar a confianza.

Fonte: Elaboración propia.

A súa materialización funcional tradúcese nun conxunto de figuras políticas consideradas nos diferentes regulamentos parlamentarios e que se poden sistematizar en dous grandes grupos de mecanismos: fiduciarios e fiscalizadores.

²⁵ FERNÁNDEZ SARASOLA, I., “El control parlamentario y su regulación en el Ordenamiento español”, cit., p. 90.

²⁶ ROUSSEAU, J.J., *El Contrato Social*, Bordás, 1762, p. 98.

²⁷ DE VERGOTTINI, G., *Lo “shadow cabinet”: Saggio comparativo sul rilievo costituzionale dell’opposizione nel regime parlamentare britannico*, Giuffrè, Milán, 1973, p. 49.

²⁸ MONTERO GIBERT, J.R. e GARCÍA MORILLO, J., *El Control Parlamentario*, Tecnos, Madrid, 1984, p. 26.

Táboa 2. Mecanismos funcionais de control parlamentario

Tipo	Definición	Exemplos	Formalización
Fiduciarios	Examinan a relación de confianza entre o executivo e o lexislativo	Investidura	Oral
		Moción de censura	
		Cuestión de confianza	
Fiscalizadores	Analizan a actuación governamental desde unha perspectiva crítica ou construtiva	Preguntas	Oral: Preguntas, interpelacións, proposicións non de lei, plenos e sesións extraordinarias ou comparecencias
		Interpelacións	
		Solicitudes de información	
		Mocións	Escrita: Preguntas e solicitudes de información
		Proposicións non de lei	
		Plenos extraordinarios	
Comparecencias			

Fonte: Elaboración propia.

Os mecanismos fiduciarios, pero tamén os fiscalizadores cando teñen unha formalización oral, no pleno ou en comisión, levan consigo dous efectos prácticos. En primeiro lugar, perden espontaneidade; dado que o traballo parlamentario racionalizado se mediatiza a través dos grupos políticos e, polo tanto, xunto a prazos regulamentarios, este tipo de iniciativas implican requisitos internos nos grupos parlamentarios que fan que se trate máis de iniciativas de partido que dun representante. En segundo termo, a finalidade da medida proposta desvíase da finalidade do control político e oriéntase a provocar debates ou eventos que reflectan disensos máis ou menos intensos entre diferentes opcións políticas.

Pola súa banda, os mecanismos fiscalizadores formalizados de forma escrita teñen unha maior vinculación, en sentido estrito, á función do control parlamentario, posto que constitúen os instrumentos de uso individual do representante considerado de forma illada²⁹, e o seu emprego permite ao parlamentario centrar a súa actuación en aspectos sectoriais ou territoriais, obtendo certa relevancia ante determinados grupos sociais e transcendendo a mediación da súa organización política³⁰.

2.3 O deseño parlamentario no Estado das comunidades autónomas

A Constitución española fai referencia ás asembleas lexislativas das comunidades autónomas no seu artigo 152, que forma parte do título VIII, Sobre a organización territorial do Estado³¹.

Este precepto determina que, cando unha comunidade autónoma se constitúa a partir do procedemento de acceso ao autogoberno considerado no artigo 151 da norma fundamental, e que abre a vía para acceder ao máximo nivel competencial, deberá

²⁹ PORRAS NADALES, A., "Las preguntas escritas en la práctica parlamentaria española", cit., p. 112.

³⁰ BURDEAU, G., *Traité de Science Politique*, Librairie générale de droit et de jurisprudence, París, 1981, p. 418; SOLÉ TURA, J., "El control parlamentario en el periodo constituyente y en la Constitución de 1978", Aparicio, M.A. (coord.), *Parlamento y sociedad civil*, Universidade de Barcelona, Barcelona, 1980, p. 40.

³¹ VISEDO MAZÓN, F.J., "La realidad de los parlamentos autonómicos desde la aprobación de la Constitución española de 1978", *Revista de Derecho del Estado*, n. 28, 2012, p. 144..

contar no seu estatuto de autonomía cunha organización institucional baseada na existencia de 3 órganos.

En primeiro lugar, unha asemblea lexislativa, elixida directamente pola cidadanía mediante un sistema de elección proporcional que asegure a representación de todas as zonas do territorio. Deste xeito, dado que inicialmente a Constitución considera a vía autonómica do 151 para as denominadas nacionalidades históricas, parece que o constituínte busca fortalecer o carácter consociativo das institucións de autogoberno³² e intenta evitar o emprego de sistemas electorais maioritarios que produzan efectos como a fabricación artificial de maiorías³³ que poida dar lugar á exclusión de minorías.

O segundo órgano exixido polo 152 é a existencia dun presidente e un consello de goberno depositarios da función executiva. A norma fundamental determina que o xefe do goberno rexional debe ser elixido de entre os membros da súa asemblea lexislativa, reforzando o nesgo parlamentario do sistema³⁴. Finalmente, o artigo 152 determina que deberá existir un tribunal superior de xustiza en cada unha das comunidades autónomas que culmine a organización xurisdiccional no territorio.

Esta configuración do modelo institucional, inicialmente prevista para as comunidades do 151, non se contemplaba como básica para o resto de comunidades autónomas. Un exemplo ilustrativo vese no artigo 69.4, que para a designación de senadores autonómicos sinala que esta recaerá na asemblea lexislativa ou, en caso de non a ter, no órgano executivo superior das comunidades autónomas, é dicir, no equivalente a un pleno de deputación provincial. Neste sentido, foron as sentenzas do Tribunal Constitucional 16/1984 e 17/1989 as que asumen o carácter básico da organización institucional do artigo 152 con carácter expansivo cara a todos os territorios dentro da súa capacidade autoorganizativa.

Polo tanto, o desenvolvemento institucional autonómico levou consigo a creación de 17 parlamentos nos que hai unha composición dispar que oscila entre os 33 escanos do Parlamento da Rioxa e os 136 da Asemblea de Madrid. Na totalidade das asembleas lexislativas os escanos asígnanse mediante o emprego do sistema D'Hondt e na maioría utilízase a provincia ou a illa como circunscrición electoral (agás Asturias, que divide a provincia en 3 distritos electorais, e Canarias, que creou en 2018 unha circunscrición autonómica) e a definición dunha barreira electoral case sempre baseada na circunscrición provincial (coas excepcións de Canarias, Comunidade Valenciana e Estremadura, que a elevan nalgúns casos a comunidade autónoma) con porcentaxes que oscilan entre o 3 % e o 5 %.

³² CASAL, D. e VILADRICH, B., "Secesión, autogobierno y modelos de democracia", *Revista de Estudios Regionales*, 2021 (en prensa).

³³ LIJPHART, A., *Modelos de democracia. Formas de goberno y resultados en 36 países*, Ariel, Barcelona, 2016, p. 15.

³⁴ PÉREZ ROYO, J., *Curso de Derecho Constitucional*, cit.

Táboa 3. Modelos electorais das comunidades autónomas

Comunidade autónoma	Escanos	Circunscrición	Método de asignación de escanos	Barreira electoral
Andalucía	109	Provincial	D'Hondt	3%
Aragón	67	Provincial	D'Hondt	3%
Canarias	70	Mixta: autonómica (9 escanos) e insular (61 escanos)	D'Hondt	15% insular o 4% a nivel autonómico
Cantabria	35	Provincial	D'Hondt	5%
Castela e León	81	Provincial	D'Hondt	3%
Castela-A Mancha	33	Provincial	D'Hondt	3%
Cataluña	135	Provincial	D'Hondt	3%
Comunidade de Madrid	136	Provincial	D'Hondt	5%
Comunidade Foral de Navarra	50	Provincial	D'Hondt	3%
Comunidade Valenciana	99	Provincial	D'Hondt	5% no conxunto da comunidade
Estremadura	65	Provincial	D'Hondt	5% na circunscrición ou 5% na comunidade
Galicia	75	Provincial	D'Hondt	5%
Illas Baleares	59	Provincial	D'Hondt	5%
A Ríoxa	33	Provincial	D'Hondt	5%
País Vasco	75	Provincial	D'Hondt	3%
Principado de Asturias	45	3 circunscricións intraprovinciais	D'Hondt	3%
Rexión de Murcia	45	Provincial	D'Hondt	5%

Fonte: Elaboración propia.

Polo tanto, aínda que todas as comunidades autónomas toman como parámetro de inspiración o das Cortes Xerais, existen diferenzas no sistema electoral e a composición dos seus parlamentos que tamén se reflicten, como indica SOLOZÁBAL ECHEVARRÍA³⁵, no conxunto das funcións parlamentarias (lexislativa, orzamentaria, de control e impulso político).

Destacan neste último aspecto como referencias clásicas o procedemento de investidura do *lehendakari* vasco ou do presidente do Principado de Asturias, onde varios candidatos poden solicitar de forma simultánea a confianza da cámara, estando prohibido o voto en contra (só se pode votar un candidato ou abstención), co obxecto de facilitar a conformación de gobernos.

³⁵ SOLOZÁBAL ECHEVARRÍA, J.J., "Algunas consideraciones sobre las reformas estatutarias", *Teoría y realidad constitucional*, n. 22, 2008.

Por conseguinte, pódese afirmar que os parlamentos autonómicos se configuraron como a institución sobre a que pivota o funcionamento dos órganos de autogoberno das comunidades autónomas³⁶ e que o fixeron a partir dunha inspiración clara no modelo organizativo das Cortes Xerais con pequenas peculiaridades adaptadas á súa conxuntura territorial e cunha escasa vontade innovadora no referente aos aspectos básicos do seu sistema electoral, asignación de escanos ou organización interna³⁷.

3 Deseño da investigación

A partir da revisión da literatura e da análise conceptual da función de control no parlamentarismo racionalizado, así como do modelo parlamentario autonómico, faise necesario recuperar a pregunta principal de investigación, consistente en analizar se o desenvolvemento dos parlamentos autonómicos reforzou as figuras tradicionais de control parlamentario escrito ao executivo.

Así pois, o obxectivo xeral desta investigación constitúe en primeiro lugar coñecer a formulación que os 17 regulamentos das asembleas lexislativas autonómicas realizan do dereito ás solicitudes de información e das preguntas escritas dirixidas aos gobernos rexionais, e, en segundo termo, establecer unha modelización dos sistemas de control escrito a partir do estudo das consecuencias do incumprimento, en tempo e forma, da obriga de responder.

Para iso, traballouse na construción dunha base de datos analítica de dúas dimensións: preguntas de resposta escrita e solicitudes de informe. Neste sentido, convén recordar que a función do control parlamentario ten unha clara vinculación co principio clásico de responsabilidade política do poder executivo cara ás cámaras lexislativas³⁸, aspecto que, debido ao fortalecemento de capacidades dos gobernos vinculadas ao desenvolvemento dos estados do benestar, así como a expansión e mediatización da actividade parlamentaria por parte dos partidos políticos³⁹, fan que realmente o labor directo de representación que realizan os parlamentarios, desde un punto de vista individual, se proxecte no control escrito e singularmente na figura das preguntas, así como das solicitudes de informe⁴⁰.

³⁶ VISEDO MAZÓN, F.J., "La realidad de los parlamentos autonómicos desde la aprobación de la Constitución española de 1978", cit., p. 164.

³⁷ SOLOZÁBAL ECHEVARRÍA, J.J., "Algunas consideraciones sobre las reformas estatutarias", cit., 2008; PORRAS NADALES, A., "Las preguntas escritas en la práctica parlamentaria española", cit.; RENUU, J.M., *Sistema Político Español*, Editorial Huygens, Barcelona, 2012.

³⁸ VITORINO, A., "El Control Parlamentario del Gobierno", *Revista de Estudios Políticos (Nueva Época)*, n. 60-61, 1988, p. 354.

³⁹ PORRAS NADALES, A., "Las preguntas escritas en la práctica parlamentaria española", cit., p. 110.

⁴⁰ BLAMONT, E., *Les Techniques Parlementaires*, Presses Universitaires de France, París, 1950, p. 390; BURDEAU, G., *Traité de Science Politique*, cit., p. 418; SOLÉ TURA, J., "El control parlamentario en el período constituyente y en la Constitución de 1978", cit., p. 40.

3.1 Preguntas de resposta escrita

As preguntas parlamentarias son, sen lugar a dúbida, o mecanismo clásico de control. A súa formulación permítelles aos membros das cámaras coñecer unha determinada información, datos concretos ou posicionamentos políticos dos gobernos.

O seu enfoque pode consistir na formulación dunha pregunta oral para ser respondida polo goberno ante o pleno, caso en que a iniciativa ten unha función que persegue a escenificación efectiva do disenso político. Ao mesmo tempo, pódese formular de forma oral para ser contestada por autoridades ou altos cargos en comisións parlamentarias, tendo xeralmente nos regulamentos parlamentarios un tratamento máis extenso en materia de tempo de formulación e réplica, xa que se busca xerar un debate onde o obxectivo é que se facilite información e posicionamento cun contido máis amplo. Pero tamén se pode formular para ser tratada de forma escrita, caso en que se busca transformar un debate político nun mero expediente onde se achegan datos, feitos ou opinións.

Para analizar esta figura, tomáronse como referencias 7 indicadores básicos sobre o seu deseño regulamentario.

Táboa 4. Indicadores sobre as preguntas escritas

Indicador	Análise
Regulamento parlamentario	Estúdase a súa presenza nas normas básicas de organización das asembleas lexislativas.
Limitacións	Respóndese á pregunta sobre se existen limitacións por racionalización (cota de preguntas por parlamentario) ou se mediatiza o uso desta figura (obrigatoriedade de visto e prace do portavoz).
Prazo de resposta	Días que ten o goberno para responder.
Prazo de prórroga máximo	Coñecer se o executivo pode solicitar unha dilación na resposta á cámara e de cantos días dispón.
Posibilidade de transformación	Estudar se o parlamentario pode solicitar que a resposta teña tratamento oral cando se incumpran os prazos de resposta.
Mantemento do tratamento oral	Coñecer se o regulamento blinda a oralidade da pregunta transformada fóra do período de sesións.
Outras medidas de reproche parlamentario	Analizar outros reproches que se poden articular ante o incumprimento da obrigatoriedade do goberno de responder.

Fonte: Elaboración propia.

Regap



ESTUDIOS

Desde unha perspectiva formal, analízase se están consideradas nos regulamentos, estúdase se existe algún tipo de limitación no exercicio desta figura que a mediatice en favor dos grupos parlamentarios ou que racionalice o seu uso (por exemplo, a necesidade de que a pregunta conte co visto e prace do voceiro ou a limitación no seu número durante un período de tempo).

Por outro lado, desde un estudo procedemental da iniciativa determínase cal é o prazo de resposta que cada regulamento lle outorga ao goberno e estúdase se existen mecanismos de prórroga ou aprazamento para o executivo. Finalmente, analízase o reproche parlamentario que ten o incumprimento da obriga de responder a partir da análise sobre se se permite que a iniciativa se transforme de escrita a oral (e, polo tanto, implique a obrigatoriedade de comparecer do executivo con carácter inmediato), así como se a transformación se mantén, aínda fóra do período de sesións, e, por último, se existe algún tipo de reproche parlamentario adicional ante o incumprimento da obrigatoriedade de responder.

3.2 Solicitude de información

Como se sinalou anteriormente, xunto coas preguntas de resposta escrita, a solicitude de información dos representantes parlamentarios constitúe a segunda gran figura de control individual. A conceptualización desta posibilidade de acceso á información configúrase como un verdadeiro dereito fundamental autónomo que teñen os representantes electos do poder lexislativo para poder realizar da mellor forma posible o cumprimento das súas funcións⁴¹.

Táboa 5. Indicadores sobre solicitudes de informe

Indicador	Análises
Regulamento parlamentario	Estúdase a súa presenza nas normas básicas de organización das asembleas lexislativas.
Prazo de resposta	Sínálase o marco temporal no que o goberno debe facilitar a información solicitada e a existencia de prórrogas.
Medidas principais	Consecuencias regulamentarias da falta de resposta.
Medidas accesorias	Outras consecuencias e reproches parlamentarios ante o incumprimento do goberno de facilitar contestación.

Fonte: Elaboración propia.

O seu estudo realizouse a partir da análise de catro indicadores. En primeiro lugar, estúdase a súa formalización xurídica nos regulamentos parlamentarios como un dereito.

⁴¹ MATIA PORTILLA, E., "Derecho a la información de los representantes políticos, protección de datos y transparencia", cit., p. 4

En segundo lugar, determínase a existencia ou non dun prazo determinado para dar resposta e de cantos días dispón o executivo, así como da posibilidade de solicitar prórroga.

E finalmente analízase o reproche parlamentario do seu incumprimento a partir da existencia de medidas prioritarias ante a falta de resposta, así como de mecanismos adicionais por non facilitar a información no tempo e forma procedentes.

3.3 Modelización dos sistemas de control parlamentario escrito

A partir do estudo do deseño das principais figuras de control escrito que se dá en cada un dos parlamentos autonómicos, o seguinte aspecto que aborda a investigación é a construción de modelos de control escrito.

Para iso, realízase unha análise combinada dos resultados formulados e propóñense dous modelos ideais baseados na dureza do reproche parlamentario: racional e fiscalizador.

Táboa 6. Modelos de control parlamentario escrito

Modelo	Características
Racional	Favorable á posición do executivo.
	Limita a función do parlamentario (prazos longos, posibilidade de prórrogas).
	Inexistencia de reproche parlamentario aos incumprimentos.
Fiscalizador	Favorable á posición do parlamentario.
	Limitanse as capacidades do executivo de evitar a resposta con prazos breves.
	Establécense sistemas de reproche parlamentario ante o incumprimento.

Fonte: Elaboración propia.

O modelo racional oriéntase cara ao executivo, e a súa finalidade é asegurar que o goberno non se ve limitado por posibles obstrucionismos parlamentarios vinculados ao control escrito. Con este obxectivo, desde unha perspectiva ideal, este modelo trataría de limitar a función de control parlamentario en materia de establecemento de prazos longos (ampliáveis con prórrogas) e, ao mesmo tempo, non definiría ningún tipo de sanción ou reproche parlamentario ante incumprimentos do executivo.

Pola súa banda, o modelo fiscalizador prioriza o labor do parlamentario, en materia de control escrito, co obxecto de facilitar o seu labor como representante da cidadanía. Para iso, busca impedir que o goberno non atenda as preguntas ou as solicitudes de informe con prazos breves e prohibindo a prórroga nas contestacións. Ademais, define criterios de sanción parlamentaria cando o executivo non cumpra cos prazos.

4 Resultados

4.1 Preguntas con resposta escrita

A primeira dimensión analítica constitúea o estudo do deseño das preguntas con resposta escrita, co obxecto de coñecer a principal figura de actuación individual dos parlamentarios autonómicos.

Para a súa análise, definíronse sete indicadores agrupados en tres grandes categorías de estudo: formal (blindaxe xurídica no regulamento parlamentario e existencia ou non de limitacións no seu exercicio), procedemental (prazo de resposta e mecanismos de prórroga) e mecanismos de reproche parlamentario (posibilidade de transformación en pregunta oral, tratamento da oralidade da pregunta convertida e outras medidas accesorias).

Táboa 7. Deseño das preguntas parlamentarias desde unha perspectiva formal

Asemblea lexislativa	Contempladas (artigo do regulamento)	Existencia de límite ou cota por deputado/grupo
Andalucía	Si (art. 164)	Non
Aragón	Si (art. 263)	Non
Canarias	Si (art. 181)	Non
Cantabria	Si (art. 172)	Non
Castela e León	Si (art. 180)	Non
Castela-A Mancha	Si (art. 191)	Non
Cataluña	Si (art. 166)	Non
Comunidade de Madrid	Si (art. 198)	Non
Comunidade Foral de Navarra	Si (art. 192)	Non
Comunidade Valenciana	Si (art. 161)	Non
Extremadura	Si (art. 227.5)	Non
Galicia	Si (art. 157)	Non
Illas Baleares	Si (art. 160)	Non
A Rioxa	Si (art. 146)	Non
País Vasco	Si (art. 186)	Non
Principado de Asturias	Si (art. 216)	Non
Rexión de Murcia	Si (art. 185)	Non


Fonte: Elaboración propia.

Como se pode observar desde unha perspectiva formal de análise, os 17 parlamentos autonómicos consideran a posibilidade de que os seus integrantes formulen preguntas con resposta escrita ao Consello de Goberno e así o dispón nos seus respectivos regulamentos.

En todos eles, ademais, o exercicio desta figura non se ve limitada pola existencia de cotas, ou por necesidades de tipo formal, como contar co visto e prace do voceiro do grupo, máis alá do que posteriormente cada bancada estableza na súa disciplina interna. Polo tanto, pódese afirmar que desde un punto de vista regulamentario se facilita a actuación individual do representante.

A partir dun estudo procedemental, cómpre sinalar que en case todas as asembleas legislativas se establece un prazo máximo no cal o Consello de Goberno debe remitir a resposta á cámara.

Gráfico 1. Prazos de resposta ás preguntas escritas nos parlamentos autonómicos




Fonte: Elaboración propia.

O prazo medio definido en todas as comunidades é de 18,5 días. Neste apartado a maioría dos regulamentos fixan 20 días como prazo de resposta. Dúas comunidades superan este prazo, sendo os 30 días que se prevén nos regulamentos do Parlamento de Canarias e a Asemblea de Extremadura o período de tempo máis amplo e os 10 días exixidos por parte do Regulamento da Asemblea Rexional de Murcia o prazo máis curto para que o executivo remita a súa resposta á cámara.

É relevante sinalar que o Parlamento de Cantabria, as Cortes Valencianas, de Castela e León, de Castela-A Mancha, a Asemblea de Extremadura e o Parlamento Vasco impiden aos seus respectivos consellos de goberno establecer ningunha prórroga ao prazo máximo de resposta establecido nos seus regulamentos. Pola súa parte, Andalucía, a Comunidade de Madrid e Galicia facultan os seus executivos a prorrogar por ata 20 días a remisión da resposta parlamentaria, mentres que os parlamentos do Principado de Asturias (6 días), Canarias (5 días) e, sobre todo, a Rexión de Murcia (2 días) establecen os prazos máis curtos de prórroga na remisión da resposta.

Gráfico 2. Prazos máximos de prórroga na remisión da resposta ás preguntas escritas



Fonte: Elaboración propia.

O incumprimento da obrigatorioidade de ofrecer resposta ás preguntas parlamentarias de carácter escrito leva consigo como principal reproche parlamentario o outorgamento ao parlamentario da potestade de solicitar que a pregunta se converta en oral e sexa incluída pola presidencia da cámara na seguinte sesión da comisión correspondente, por razón da materia.

Táboa 8. Transformación oral das preguntas escritas

Asemblea lexislativa	Posibilidade de transformación en pregunta oral
Andalucía	Si (art. 164)
Aragón	Si (art. 263)
Canarias	Si (art. 181)
Cantabria	Si (art. 172)
Castela e León	Si (art. 160)
Castela-A Mancha	Si (art. 191)
Cataluña	Si (art. 166.4)
Comunidade de Madrid	Si (art. 198.3)
Comunidade Foral de Navarra	Si (art. 192)
Comunidade Valenciana	Si (art. 161)
Extremadura	No
Galicia	Si (art. 157)
Illas Baleares	Si (art. 160)
A Rioxa	Si (art. 147)
País Vasco	Si (art. 186)
Principado de Asturias	Si (art. 216)
Rexión de Murcia	Si (art. 185)

Fonte: Elaboración propia.

Soamente a Asemblea de Estremadura non contempla ningún tipo de reproche parlamentario ante a falta de resposta ás preguntas de carácter escrito, limitándose o artigo 227.5 do seu regulamento a sinalar que o goberno deberá remitir a resposta ás preguntas escritas, con carácter improrrogable, no prazo dun mes.

Non obstante, o carácter oral das preguntas transformadas non ten unha duración permanente, posto que en todos os regulamentos onde se considera esta posibilidade se establece que, unha vez finalizados os períodos de sesións, aquelas iniciativas de control parlamentario de natureza oral pasarán a ser tramitadas e resoltas mediante resposta escrita do executivo rexional.

O que si chama a atención é que soamente tres parlamentos autonómicos contan con medidas de reproche adicional, xunto á posibilidade de transformación oral da pregunta: Cataluña, Comunidade de Madrid e País Vasco.

O artigo 166 do Regulamento do Parlamento de Cataluña establece que, en caso de que o goberno non dea cumprida resposta a unha pregunta escrita dentro dos 15 días seguintes á súa formulación, é un dereito do parlamentario pedir a súa transformación como pregunta oral que será incluída na seguinte sesión da comisión correspondente por razón da materia. Pero sinala, adicionalmente, que a celebración da comisión onde se deba substanciar a pregunta deberá ter lugar dentro dos 30 días seguintes á súa transformación, impedindo, con este mandato, que as maiorías nas mesas das comisións poidan dilatar a substanciación da pregunta transformada.

A Asemblea de Madrid, pola súa banda, prevé no artigo 198 do seu regulamento que, se pasados 20 días o goberno non remite á cámara a resposta, é un dereito do parlamentario solicitar a súa conversión para a súa inclusión, como pregunta oral, na seguinte comisión competente. Pero outorga, con carácter complementario, ao deputado rexional o dereito a que a resposta non contestada se publique, para coñecemento público deste incumprimento, por parte do executivo madrileño no portal de transparencia da Asemblea de Madrid.

Pola súa banda, o Parlamento Vasco, que tamén prevé a transformación en orais das preguntas non contestadas pasado o prazo de 15 días, establece no artigo 186 do seu regulamento que, ademais de celebrar a sesión correspondente para que teña lugar a resposta oral á pregunta, a Presidencia do Parlamento poderá dirixir un requirimento ao goberno para que, de forma complementaria, remita a resposta escrita solicitada.

4.2 Solicitudes de informe

O segundo aspecto analítico desta investigación constitúeo o deseño da figura parlamentaria das solicitudes de informe nos diferentes parlamentos autonómicos.

Como se sinalou anteriormente, a solicitude de información das administracións públicas por parte dos integrantes do poder lexislativo considérase como un verdadeiro dereito fundamental de natureza autónoma que integra o núcleo do seu labor parlamentario⁴².

⁴² MATIA PORTILLA, E., "Derecho a la información de los representantes políticos, protección de datos y transparencia", cit., p. 4.

Para a súa análise, seleccionáronse catro indicadores explicados na táboa 5: formalización xurídica, existencia dun prazo máximo de resposta, configuración de mecanismos de reproche parlamentario e medidas accesorias.

En primeiro lugar, é importante destacar que o dereito a solicitude de información por parte de parlamentario se atopa recoñecido na totalidade de regulamentos de asembleas lexislativas autonómicas.

Táboa 9. Recoñecemento do dereito á solicitude de información

Asemblea lexislativa	Recoñecemento regulamentario	Limitacións (deputado/grupo)
Andalucía	Si (art. 7)	Non
Aragón	Si (art. 31)	Non
Canarias	Si (art. 16)	Non
Cantabria	Si (art. 9)	Non
Castela e León	Si (art. 7)	Non
Castela-A Mancha	Si (art. 13)	Non
Cataluña	Si (art. 6)	Non
Comunidade de Madrid	Si (Art. 18)	Non
Comunidade Foral de Navarra	Si (art. 14)	Non
Comunidade Valenciana	Si (art. 12)	Non
Estremadura	Si (art. 19.1)	Non
Galicia	Si (art. 9)	Non
Illas Baleares	Si (art. 15)	Non
A Rioxa	Si (art. 14)	Non
País Vasco	Si (art. 11)	Non
Principado de Asturias	Si (art. 14)	Non
Rexión de Murcia	Si (art. 13)	Non


Fonte: Elaboración propia.

Neste sentido, é relevante sinalar que a totalidade dos regulamentos parlamentarios das comunidades autónomas configuran este dereito sen ningún tipo de limitación formal (por exemplo, visto e prace do voceiro do grupo) ou material (limitación de solicitudes nun período de tempo) se se proxecta sobre a actuación dos gobernos rexionais e as administracións autonómicas.

Cando se exerce o dereito de solicitude de información, a gran maioría dos regulamentos establecen que os gobernos rexionais dispoñen dun prazo limitado para responder.

Deste modo, existe un prazo medio de 22,05 días, que oscila entre os 15 días (que outorga aos seus gobernos os regulamentos do legislativo na Rexión de Murcia, Asturias e Cataluña) e un mes (contemplado nos parlamentos de Andalucía, Canarias, Castela e León, Castela-A Mancha, Comunidade de Madrid, Navarra, Galicia e A Rioxa). Ademais, en dous casos, Asturias e Murcia, os seus consellos de goberno poden atrasar a resposta solicitando un período de prórroga de 6 e 5 días respectivamente.

Gráfico 3. Prazos máximos para atender solicitudes de información parlamentaria



Fonte: Elaboración propia.

Neste aspecto, chama a atención o caso da Asemblea de Estremadura, na que o seu regulamento (art. 19.1) establece que é un dereito dos parlamentarios acceder á información precisa procedente da Junta de Estremadura para realizar as súas funcións, pero no artigo 230 da norma regulamentaria non se establece un prazo máximo para atender a iniciativa.

O incumprimento da petición de información por parte de membros do poder legislativo non ten consecuencias parlamentarias nas asembleas legislativas de Andalucía, Castela e León, Castela-A Mancha, Comunidade de Madrid, Navarra e Estremadura.

Nos parlamentos de Aragón, A Rioxa, Cataluña, País Vasco, Principado de Asturias e Cantabria establécese que o incumprimento das solicitudes de información lle permite ao representante electo elevar unha queixa á presidencia da asemblea legislativa que requirirá do consello de goberno a remisión da información solicitada.

No caso do Parlamento de Cataluña, o artigo 9 do seu regulamento, establece que este requirimento deberá atenderse no prazo máximo de 3 días.

Pola súa banda, o incumprimento da obriga de atender unha solicitude de informe implicará a súa transformación como pregunta oral, en pleno ante o Parlamento de Canarias, ou en comisión nas asembleas legislativas da Comunidade Valenciana e Galicia.

O reproche parlamentario contempla medidas accesorias en diversas comunidades autónomas cando o goberno non facilita a información solicitada.

Deste xeito, o artigo 35 do Regulamento das Cortes de Aragón establece que, de forma paralela ao requirimento de facilitar a resposta á iniciativa, o parlamentario dispón da potestade de transformar a solicitude de información nunha pregunta oral ante o pleno da cámara.

Idéntico procedemento se segue no Parlamento de Cantabria, onde o requirimento da información se pode complementar pola posibilidade de converter a iniciativa nunha comparecencia do goberno ante o pleno para informar do incumprimento de facilitar o acceso á información (art. 9 do Regulamento do Parlamento de Cantabria).

Pola súa banda, o Parlamento Vasco prevé que, en caso de incumprimento dun requirimento para cumprir coa solicitude de información, a presidencia da cámara deberá dar conta ao pleno desta.

Finalmente, o Parlamento de Cataluña prevé no seu artigo 8 que, xunto á potestade do deputado de elevar queixa á presidencia da cámara para que requira o goberno para que remita a información no prazo de 3 días, este poderá acudir ante os organismos regulatorios de transparencia e acceso á información pública para facer valer os seus dereitos.

5 Discusión de resultados

A análise do deseño das figuras parlamentarias de control escrito seleccionadas como obxecto de estudo permite apreciar tres consideracións previas en relación coa conceptualización do control parlamentario.

En primeiro lugar, é preceptivo sinalar que a configuración das preguntas con resposta escrita e as solicitudes de informe como instrumentos de actuación individual do parlamentario se mantiveron nos 17 parlamentos autonómicos e así está recoñecida nos seus respectivos regulamentos.

Táboa 10. Blindaxe xurídica dos instrumentos de control escrito sen mediatización dos grupos parlamentarios

Asemblea lexislativa	Preguntas escritas	Existencia de límite ou cota (deputado/grupo)	Solicitudes de informe	Límite (deputado/grupo)
Andalucía	Si (art. 164)	Non	Si (art. 7)	Non
Aragón	Si (art. 263)	Non	Si (art. 31)	Non
Canarias	Si (art. 181)	Non	Si (art. 16)	Non
Cantabria	Si (art. 172)	Non	Si (art. 9)	Non
Castela e León	Si (art. 180)	Non	Si (art. 7)	Non
Castela-A Mancha	Si (art. 191)	Non	Si (art. 13)	Non
Cataluña	Si (art. 166)	Non	Si (art. 6)	Non
Comunidade de Madrid	Si (art. 198)	Non	Si (Art. 18)	Non
Comunidade Foral de Navarra	Si (art. 192)	Non	Si (art. 14)	Non
Comunidade Valenciana	Si (art. 161.)	Non	Si (art. 12)	Non
Estremadura	Si (art. 227.5)	Non	Si (art. 19.1)	Non
Galicia	Si (art. 157)	Non	Si (art. 9)	Non
Illas Baleares	Si (art. 160)	Non	Si (art. 15)	Non
A Ríoxa	Si (art. 146)	Non	Si (art. 14)	Non
País Vasco	Si (art. 186)	Non	Si (art. 11)	Non
Principado de Asturias	Si (art. 216)	Non	Si (art. 14)	Non
Rexión de Murcia	Si (art. 185)	Non	Si (art. 13)	Non

Fonte: Elaboración propia.

Neste aspecto, polo tanto, pódese considerar que os parlamentos autonómicos mantiveron as figuras de control escrito como un ámbito de actuación individual e autónoma dos seus integrantes que transcende a mediatización dos partidos e lles permiten exercer funcións propias de representación⁴³.

A segunda apreciación relacionada cos mecanismos de control escrito ten que ver co seu reforzo mediante a definición de prazos para o seu cumprimento, como se mostra nos gráficos 1, 2 e 3.

⁴³ PORRAS NADALES, A., "Las preguntas escritas en la práctica parlamentaria española", cit., p. 112; BURDEAU, G., *Traité de Science Politique*, cit., p. 418; SOLÉ TURA, J., "El control parlamentario en el periodo constituyente y en la Constitución de 1978", cit., p. 40.

Táboa 11. Prazos integrados de cumprimento e prórroga dos mecanismos de control escrito

Asemblea lexislativa	Prazo preguntas escritas	Prórroga preguntas escritas	Prazo solicitudes de informe	Prórroga solicitudes de informe
Andalucía	20	20	30	0
Aragón	15	8	20	0
Canarias	30	5	30	0
Cantabria	20	0	20	0
Castela e León	20	0	30	0
Castela-A Mancha	20	0	30	0
Cataluña	15	15	15	0
Comunidade de Madrid	20	20	30	0
Comunidade Foral de Navarra	15	0	20	0
Comunidade Valenciana	15	0	20	0
Estremadura	30	0	0	0
Galicia	20	20	30	0
Illas Baleares	20	10	20	0
A Rioxa	15	8	30	0
País Vasco	15	0	20	0
Principado de Asturias	15	6	15	6
Rexión de Murcia	10	2	15	5


Fonte: Elaboración propia.

Neste aspecto, é relevante sinalar que os parlamentos autonómicos reforzaron a potestade de control individual dos seus membros en comparación con deputados e senadores nas Cortes Xerais, definindo de media prazos máis breves respecto aos existentes a nivel nacional.

Nos artigos 7 do Regulamento do Congreso dos Deputados e 20.2 do Regulamento do Senado, establécese o dereito que asiste os integrantes das dúas cámaras a solicitar información por escrito. En ambos os dous casos establécese un prazo de resposta de 30 días.

Pola súa banda, as preguntas con resposta escrita considéranse nos artigos 169 do Regulamento da Cámara Alta e no 190 do Regulamento do Congreso dos Deputados. Neste aspecto, cada cámara conta co seu propio prazo, de maneira que o goberno dispón de 20 días para responder as preguntas formuladas dende o Senado e dun mes para facer o propio cando a pregunta ten orixe na Cámara Baixa.

Gráfico 4. Prazos máximos de resposta comparados entre asembleas lexislativas-Cortes Xerais



Fonte: Elaboración propia.

A terceira apreciación radica nos mecanismos de reproche parlamentario existentes cando os gobernos autonómicos non atendan as solicitudes de informe ou as preguntas escritas.

Neste sentido, existe un tratamento desigual de ambas as dúas figuras. Por un lado, o conxunto de regulamentos parlamentarios (con excepción do Regulamento da Asemblea de Estremadura) outorgan aos seus membros a posibilidade, ante a falta de resposta, de transformar a pregunta escrita nunha pregunta oral cuxa tramitación se inclúe na orde do día da comisión competente por razón da materia. Soamente tres parlamentos autonómicos establecen medidas accesorias ante o incumprimento da obriga de facilitar resposta.

Trátase da Asemblea de Madrid, que faculta o parlamentario a solicitar que a resposta non contestada se publique no Portal de Transparencia da institución; o Parlamento de Cataluña, que exige que a comisión onde deba substanciarse a pregunta deba celebrarse dentro dos 30 días posteriores á súa transformación, e o Parlamento Vasco, onde a transformación se pode compatibilizar cun novo requirimento ao goberno nos termos do artigo 216 do seu regulamento.

Polo tanto, pódese apreciar que, máis alá de abreviar os prazos, as asembleas lexislativas autonómicas previron un tratamento similar das preguntas escritas ao considerado nos regulamentos do Congreso dos Deputados e o Senado (arts. 190 e 169) innovando pouco, coa excepción dos parlamentos de Madrid, Cataluña e Euskadi.

Non obstante, é un detalle especialmente clave sinalar que se poden detectar aspectos de reforzo do labor de control en materia das solicitudes de informe nas cales, xunto a prazos máis breves, nalgúns casos contémpanse mecanismos de reproche parlamentario ante a falta de resposta.

Soamente seis parlamentos autonómicos (Andalucía, Madrid, Castela-A Mancha, Castela e León, Comunidade Foral de Navarra e Estremadura) non prevén ningunha consecuencia se os seus gobernos non facilitan a información solicitada, sendo este modelo análogo ao das Cortes Xerais.

Mentres, no resto de asembleas lexislativas a falta de cumprimento ante unha solicitude de informe artículase na posibilidade de transformar a iniciativa en pregunta oral de comisión (Comunidade Valenciana e Galicia), así como no recoñecemento do dereito do parlamentario a formular unha queixa ante a presidencia e a mesa da cámara para que requira do goberno rexional a remisión da información solicitada, tendo o executivo que realizalo (no caso de Cataluña) dentro dos 3 días seguintes ao requirimento.

Algúns parlamentos autonómicos van máis alá e establecen un mecanismo reforzado de reproche con medidas accesorias ante o incumprimento de responder as solicitudes de informe.

É o caso de Aragón, onde existe a posibilidade (art. 35 do Regulamento das Cortes de Aragón) de transformar a solicitude de informe nunha pregunta oral en comisión, procedemento que o Parlamento cántabro endurece dando a posibilidade de que se celebre unha comparecencia do goberno ante o pleno da cámara para informar sobre o incumprimento (art. 9 do Regulamento do Parlamento de Cantabria).

Pola súa banda, o Parlamento de Cataluña faculta os seus deputados a exercer os dereitos previstos na lexislación sobre transparencia ante os seus órganos reguladores cando non se atenda a súa solicitude de información, e o País Vasco obriga a presidencia do seu parlamento a informar ao pleno sobre o incumprimento dun requirimento formulado a petición dun parlamentario.

O estudo destes mecanismos de control parlamentario permite apreciar que ningunha asemblea lexislativa cumpre a totalidade de aspectos ideais do modelo racional ou fiscalizador pero que teñen elementos que tenden cara a un ou outro.

Neste sentido, pódese afirmar que as asembleas lexislativas de Andalucía, Castela e León, Castela-A Mancha, a Comunidade de Madrid, Navarra, A Ríoxa e, moi especialmente, Estremadura tenden claramente cara a modelos de tipo racional nos que se favorece a posición do poder executivo.

Táboa 12. Modelización racional dos sistemas de control escrito

Assemblea lexislativa	Modelo ao que tende	Cumprimento de características
Andalucía	Racional	<p>Preguntas escritas: Prazo de resposta de 20 días (fronte á media, de 18,5) en preguntas con posibilidade de prómoga por outros 20. Reproche único: posibilidade de transformación oral.</p> <p>Solicitudes de informe: Prazo de resposta de 30 días para solicitudes de informe (fronte á media, de 22,05) sen posibilidade de prómoga. Ausencia de reproche parlamentario.</p>
Castela e León	Racional	<p>Preguntas escritas: Prazo de resposta de 20 días (superior á media, de 18,5) en preguntas sen posibilidade de prómoga. Reproche único: posibilidade de transformación oral.</p> <p>Solicitudes de informe: Prazo de resposta de 30 días para solicitudes de informe (inferior á media, de 22,05) sen posibilidade de prómoga. Sen reproche parlamentario.</p>
Castela-A Mancha	Racional	<p>Preguntas escritas: Prazo de resposta de 20 días (superior á media, de 18,5) en preguntas sen posibilidade de prómoga. Reproche único: posibilidade de transformación oral.</p> <p>Solicitudes de informe: Prazo de resposta de 30 días para solicitudes de informe (inferior á media, de 22,05) sen posibilidade de prómoga. Sen reproche parlamentario.</p>
Comunidade de Madrid	Racional	<p>Preguntas escritas: Prazo de resposta de 20 días (superior á media, de 18,5) en preguntas con posibilidade de prómoga por outros 20. Reproche principal: posibilidade de transformación oral.</p> <p>Reproche accesoño: publicación da pregunta non atendida no portal de transparencia da Assembleia de Madrid.</p> <p>Solicitudes de informe: Prazo de resposta de 30 días para solicitudes de informe (inferior á media, de 22,05) sen posibilidade de prómoga. Sen reproche parlamentario.</p>
Comunidade Foral de Navarra	Racional	<p>Preguntas escritas: Prazo de resposta de 15 días (por debaixo da media, de 18,5) en preguntas sen posibilidade de prómoga. Reproche principal: posibilidade de transformación oral.</p> <p>Solicitudes de informe: Prazo de resposta de 20 días para solicitudes de informe (inferior á media, de 22,05) sen posibilidade de prómoga. Sen reproche parlamentario.</p>
Estremadura	Racional	<p>Preguntas escritas: Prazo de resposta de 30 días (por encima da media, de 18,5) en preguntas sen posibilidade de prómoga. Sen reproche parlamentario.</p> <p>Solicitudes de informe: Sen prazo de resposta nin reproche parlamentario.</p>
A Rioxa	Racional	<p>Preguntas escritas: Prazo de resposta de 15 días (por baixo da media, de 18,5) en preguntas con posibilidade de prómoga por outros 8. Reproche principal: posibilidade de transformación oral.</p> <p>Solicitudes de informe: Prazo de resposta de 30 días para solicitudes de informe (superior á media, de 22,05) sen posibilidade de prómoga. Reproche parlamentario principal: requirimento ao goberno para que cumpra.</p>
Illas Baleares	Racional	<p>Preguntas escritas: Prazo de resposta de 20 días (por encima da media, de 18,5) en preguntas con posibilidade de prómoga por outros 10. Reproche principal: posibilidade de transformación oral.</p> <p>Solicitudes de informe: Prazo de resposta de 20 días para solicitudes de informe (inferior á media, de 22,05) sen posibilidade de prómoga. Reproche parlamentario principal: requirimento ao goberno para que cumpra.</p>

Fonte: Elaboración propia.

Regap



ESTUDIOS

Como se pode ver na táboa 12, a maioría definen, para as preguntas escritas, prazos superiores aos 18,5 días de media, que nos casos da Comunidade de Madrid ou Andalucía poden prolongarse ata os 40 días se o goberno emprega o recurso da prórroga. Soamente A Rioxa e Navarra rebaixan o prazo ata os 15 días.

Non obstante, en todas elas se establece un sistema de reproche limitado á transformación da pregunta escrita en pregunta oral e, no caso de Estremadura, nin sequer se considera esta posibilidade.

Pola súa banda, en materia de solicitude de informe, Estremadura non establece prazo máximo; soamente Navarra establece un prazo inferior e, coa excepción da Rioxa, que cun prazo de 30 días (12 por enriba da media nacional) ten a posibilidade de requirir o goberno para que cumpra coa solicitude de informe, en ningunha outra asemblea se contempla a existencia regulamentaria de mecanismos de reproche parlamentario ante o incumprimento.

Fronte á tendencia cara á modelización racional, hai 9 asembleas lexislativas que orientan as preguntas escritas e as solicitudes de informe cara a un sistema de tipo fiscalizador a vontade do cal é favorecer o labor de control parlamentario.

Táboa 13. Modelización fiscalizadora dos sistemas de control escrito

Assemblea leixitativa	Modelo ao que se ade	Cumprimento de características
Aragón	Fiscalizador	<p>Preguntas escritas:</p> <p>Prazo de resposta de 15 días (por baixo da media, de 18,5) en preguntas con posibilidade de prómoa por outros 8.</p> <p>Reproche único: posibilidade de transformación oral.</p>
		<p>Solicitudes de informe:</p> <p>Prazo de resposta de 20 días para solicitudes de informe (inferior á media, de 22,05) sen posibilidade de prómoa.</p> <p>Reproche parlamentario principal: requirimento.</p> <p>Reproche parlamentario accesorio: presentación dunha pregunta oral en pleno.</p>
Canarias	Fiscalizador	<p>Preguntas escritas:</p> <p>Prazo de resposta de 30 días (superior á media, de 18,5) en preguntas con posibilidade de prómoa por outros 5.</p> <p>Reproche único: posibilidade de transformación oral.</p>
		<p>Solicitudes de informe:</p> <p>Prazo de resposta de 30 días para solicitudes de informe (foote á media, de 22,05) sen posibilidade de prómoa.</p> <p>Reproche parlamentario principal: transformación da solicitude de informe en pregunta oral en pleno ou comisión.</p>
Cantabria	Fiscalizador	<p>Preguntas escritas:</p> <p>Prazo de resposta de 20 días (superior á media, de 18,5) en preguntas sen posibilidade de prómoa.</p> <p>Reproche único: posibilidade de transformación oral.</p>
		<p>Solicitudes de informe:</p> <p>Prazo de resposta de 20 días para solicitudes de informe (inferior á media, de 22,05) sen posibilidade de prómoa.</p> <p>Reproche parlamentario principal: requirimento ao goberno.</p> <p>Reproche parlamentario accesorio: celebración dunha comparecencia do goberno en pleno para informar sobre o incumprimento.</p>
Cataluña	Fiscalizador	<p>Preguntas escritas:</p> <p>Prazo de resposta de 15 días (inferior á media, de 18,5) en preguntas con posibilidade de prómoa por outros 15.</p> <p>Reproche principal: posibilidade de transformación oral.</p> <p>Reproche accesorio: a substanciación da pregunta oral deberá realizarse dentro dos 10 días seguintes á transformación.</p>
		<p>Solicitudes de informe:</p> <p>Prazo de resposta de 15 días para solicitudes de informe (inferior á media, de 22,05) sen posibilidade de prómoa.</p> <p>Reproche parlamentario principal: requirimento ao goberno para que cumpra.</p> <p>Reproche accesorio: posibilidade de que o parlamentario exera os seus dereitos ante os organismos reguladores en materia de transparencia.</p>
Comunidad Valenciana	Fiscalizador	<p>Preguntas escritas:</p> <p>Prazo de resposta de 15 días (por baixo da media, de 18,5) en preguntas sen posibilidade de prómoa.</p> <p>Reproche principal: posibilidade de transformación oral.</p>
		<p>Solicitudes de informe:</p> <p>Prazo de resposta de 20 días para solicitudes de informe (inferior á media, de 22,05) sen posibilidade de prómoa.</p> <p>Reproche parlamentario principal: transformación da solicitude de informe en pregunta oral en comisión.</p>
Galicia	Fiscalizador	<p>Preguntas escritas:</p> <p>Prazo de resposta de 20 días (por encima da media, de 18,5) en preguntas con posibilidade de prómoa por outros 20.</p> <p>Reproche principal: posibilidade de transformación oral.</p>
		<p>Solicitudes de informe:</p> <p>Prazo de resposta de 30 días para solicitudes de informe (superior á media, de 22,05) sen posibilidade de prómoa.</p> <p>Reproche parlamentario principal: transformación da solicitude de informe en pregunta oral en comisión.</p>
País Vasco	Fiscalizador	<p>Preguntas escritas:</p> <p>Prazo de resposta de 15 días (por baixo da media, de 18,5) en preguntas sen posibilidade de prómoa.</p> <p>Reproche principal: posibilidade de transformación oral.</p> <p>Reproche accesorio: posibilidade de requirimento ao goberno para que remita a resposta.</p>
		<p>Solicitudes de informe:</p> <p>Prazo de resposta de 20 días para solicitudes de informe (por baixo da media, de 22,05) sen posibilidade de prómoa.</p> <p>Reproche parlamentario principal: requirimento ao goberno para que cumpra.</p> <p>Reproche parlamentario accesorio: a presidencia da cámara informará o pleno se o requirimento é desatendido.</p>
Principado de Asturias	Fiscalizador	<p>Preguntas escritas:</p> <p>Prazo de resposta de 15 días (por baixo da media, de 18,5) en preguntas con posibilidade de prómoa por outros 6.</p> <p>Reproche principal: posibilidade de transformación oral.</p>
		<p>Solicitudes de informe:</p> <p>Prazo de resposta de 15 días para solicitudes de informe (por baixo da media, de 22,05) con posibilidade de prómoa por outros 6.</p> <p>Reproche parlamentario principal: requirimento ao goberno para que cumpra.</p>
Región de Murcia	Fiscalizador	<p>Preguntas escritas:</p> <p>Prazo de resposta de 10 días (por baixo da media, de 18,5) en preguntas con posibilidade de prómoa por outros 2.</p> <p>Reproche principal: posibilidade de transformación oral.</p>
		<p>Solicitudes de informe:</p> <p>Prazo de resposta de 15 días para solicitudes de informe (por baixo da media, de 22,05) con posibilidade de prómoa por outros 5.</p> <p>Reproche parlamentario principal: requirimento ao goberno para que cumpra.</p>

Fonte: Elaboración propia.

Regap



ESTUDIOS

Deste xeito, a táboa 13 mostra que, con carácter xeral, o tratamento das preguntas escritas adoita basearse na definición de prazos moi inferiores á media (coa excepción de Canarias, Cantabria e Galicia), destacando o caso da Asemblea da Rexión de Murcia, que dispón dun prazo máximo de 10 días para remitir a resposta á cámara.

En todos eles se establece como reproche principal a posibilidade de transformar de forma oral a pregunta, destacando a existencia de mecanismos accesorios no Parlamento Vasco (requirir que se remita a resposta escrita á cámara) ou de Cataluña, onde a substanciación da iniciativa terá que realizarse dentro dos 30 días posteriores á súa transformación.

Non obstante, o aspecto máis relevante, que en todos estes modelos favorece a posición do parlamentario, consiste no carácter que se lles dá ás solicitudes de informe. Aínda que nos nove parlamentos autonómicos, cuxo control escrito tende ao modelo fiscalizador, establécense prazos dispares que oscilan entre os 15 e os 30 días, o relevante é que se definen mecanismos principais ou accesorios de reproche parlamentario para cando teñan lugar casos de incumprimento que se traducen en tres importantes consecuencias.

Primeiramente, o incumprimento de facilitar información pode implicar para os diferentes gobernos a obriga de dar explicacións sobre iso en sede parlamentaria en forma de comparecencia en pleno (Cantabria), pregunta oral no pleno (Aragón) ou responder preguntas orais en comisión (Comunidade Valenciana ou Galicia).

En segundo lugar, ante a falta de resposta, o parlamentario pode activar un requirimento por parte da presidencia da cámara ao executivo que pode dar lugar, por exemplo, no caso do Goberno da Generalitat de Cataluña, a enviar a información no prazo de 3 días.

E finalmente a falta de resposta pode activar, no caso exclusivo de Cataluña, que o parlamentario faga valer os seus dereitos de acceso á información nos termos previstos na lexislación sobre transparencia ante os seus organismos reguladores.

6 Conclusións

A partir da presentación dos resultados da investigación, faise preceptivo retomar a pregunta inicial desta, consistente en coñecer se o desenvolvemento dos parlamentos autonómicos reforzou as figuras tradicionais de control parlamentario escrito.

Neste sentido, o artigo permite extraer dúas conclusións principais. En primeiro lugar, que en liñas xerais os parlamentos autonómicos reforzaron o labor de control escrito que realizan os seus integrantes, potenciando a súa posibilidade de actuación individual sen exceso de mediatización por parte dos partidos políticos.

Este reforzo da acción individual do parlamentario apréciase, con carácter xeral, en tres aspectos. Por un lado, como mostran os gráficos 1, 2, 3 e sobre todo o 4, no establecemento de prazos medios, xeralmente máis breves que os que se contemplan para as figuras análogas nos regulamentos das Cortes Xerais.

Deste xeito, defínese a obrigatoriedade de que os gobernos autonómicos respondan nun menor prazo de tempo tanto ás preguntas escritas (18,5 días de media,

fronte aos 30 do Congreso e os 20 do Senado) como ás solicitudes de informe (22,05 días de media nos 17 parlamentos autonómicos, fronte aos 30 das dúas cámaras do lexislativo a nivel nacional).

Adicionalmente, deseñáronse en moitos casos instrumentos coactivos para exixir o cumprimento das iniciativas de control escrito. Neste sentido, como se ve nas táboas 12 e 13, é significativo que, xunto co tradicional reproche parlamentario que permite a transformación oral das preguntas escritas, coa excepción de Estremadura, apreciable na táboa 8, en 3 das 17 asembleas lexislativas existen mecanismos de reproche complementario, como é o requirimento da presidencia do lexislativo vasco da posibilidade de publicar a pregunta non contestada no portal de transparencia da cámara madrileña ou o prazo máximo de substanciación do Parlamento catalán.

E especialmente o reforzo proxéctase, en materia de solicitude de informe, coa configuración de mecanismos coactivos de reproche parlamentario que poden consistir, como se indicou na epígrafe anterior e se visualiza nas táboas 12 e 13, na obrigatoriedade de responder, por parte do executivo, a iniciativas de control oral para dar explicacións, na potestade de requirir o cumprimento que se lles dá aos órganos de dirección da maioría das asembleas lexislativas autonómicas.

A segunda conclusión que se pode extraer desta investigación radica en que o reforzo dos mecanismos de control escrito implica que a afirmación xeral analizada na revisión da literatura de que o parlamentarismo autonómico foi esencialmente isomórfico respecto do modelo a nivel estatal non é de todo certa, xa que na regulación deste tipo de figuras tanto as asembleas lexislativas que deseñan un sistema de corte racional como as que definen un modelo cun claro carácter fiscalizador melloran, en liñas xerais, o tratamento das preguntas parlamentarias con resposta escrita e o dereito dos membros do poder lexislativo de solicitar información aos gobernos autonómicos.

Non obstante, esta segunda conclusión non se pode formular de xeito xeral, xa que a investigación versa sobre as dúas principais figuras de control parlamentario escrito e sería necesario estender a análise ao conxunto dos procesos de control político ao executivo para determinar se existe ou non isomorfismo no seu deseño, aspecto que podería abrir unha máis que interesante liña de investigación futura.

Bibliografía

- ALCÁNTARA SÁEZ, M., *Gobernabilidad, crisis y cambio*, Fondo de Cultura Económica, México, 1995.
- ANDUIZA PEREA, E., “El Sistema Político de Italia”, Alcántara Sáez, M. (ed. lit.), *Sistemas Políticos de la Unión Europea*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2000.
- APARICIO, M.A., *Introducción al sistema político y constitucional español*, Ariel, Barcelona, 1994.
- ARAGÓN, M., “Información Parlamentaria y Función de Control”, VV. AA., *Instrumentos de Información de las Cámaras Parlamentarias*, Centro de Estudios Constitucionales, Madrid, 1994.

Regap



ESTUDIOS

- BISCARETTI DI RUFFIA, P., *Derecho Constitucional*, Tecnos, Madrid, 1965.
- BLAMONT, E., *Les Techniques Parlementaires*, Presses Universitaires de France, París, 1950.
- BURDEAU, G., *Traité de Science Politique*, Librairie générale de droit et de jurisprudence, París, 1981.
- CARRO FERNÁNDEZ-VALMAYOR, J.L. e GÓMEZ-FERRER MORANT, R., “La potestad reglamentaria del Gobierno y la Constitución”, *Documentación Administrativa*, n. 188, 1980. <https://doi.org/10.24965/da.vi188.4503>.
- CASAL, D., “Estado, política y sociedad”, Perelló Oliver, S. (ed.), *Estructura Social Contemporánea*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2019.
- CASAL, D. e VILADRICH, B. “Secesión, autogobierno y modelos de democracia”, *Revista de Estudios Regionales*, 2021 (en prensa).
- COLLIARD, J.C., “El poder en el semipresidencialismo”, *Cuestiones Constitucionales. Revista Mexicana de Derecho Constitucional*, n. 20, 2009. <http://dx.doi.org/10.22201/ijj.24484881e.2009.20.5862>.
- CUOCOLO, F., *Instituzioni di Diritto Pubblico*, Giuffrè, Milán, 1983.
- DE VERGOTTINI, G., *Lo “shadow cabinet”. Saggio comparativo sul rilievo costituzionale dell’opposizione nel regime parlamentare britannico*, Giuffrè, Milán, 1973.
- DUVERGER, M., *Institutions politiques et droit constitutionnel*, Press University France, París, 1970.
- FERNÁNDEZ SARASOLA, I. “El control parlamentario y su regulación en el Ordenamiento español”, *Revista Española de Derecho Constitucional*, n. 60, 2000.
- GARCÍA DE ENTERRÍA, E., *Legislación delegada, potestad reglamentaria y control judicial*, Civitas, Madrid, 1998.
- GARCÍA MORILLO, J., “Mitos y realidades del parlamentarismo”, *Revista del Centro de Estudios Constitucionales*, n. 9, 1991.
- GARCÍA MORILLO, J., *La Democracia en España*, Alianza Editorial, Madrid, 1998.
- LIJPHART, A., *Modelos de democracia. Formas de gobierno y resultados en 36 países*, Ariel, Barcelona, 2016.
- LINARES, S., “Treinta Años del Debate Presidencialismo-Parlamentarismo. Un balance de las evidencias”, *Revista Española de Ciencia Política*, n. 27, 2011.
- LINZ, J.J., “Presidential or parliamentary democracy: Does it make a difference?”, Linz, J.J. e Valenzuela, A. (ed. lit.), *The failure of presidential democracy*, The Johns Hopkins University Press, Baltimore, 1994.
- LÓPEZ GUERRA, L., ESPÍN, E., GARCÍA MORILLO, J., PÉREZ TREMPES, P. e SATRÚSTEGUI, M., *Derecho Constitucional*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2018.
- MARTÍNEZ, R. e GARRIDO, A., *Sistemas mixtos de gobierno de tendencia presidencial*, Instituto de Ciencias Políticas y Sociales, Barcelona, 2000.
- MATIA PORTILLA, E., “Derecho a la información de los representantes políticos, protección de datos y transparencia”, *Revista Jurídica de Castilla y León*, n. 42, 2017.
- MONTERO GIBERT, J.R. e GARCÍA MORILLO, J., *El Control Parlamentario*, Tecnos, Madrid, 1984.

- NOHLEN, D., “El Presidencialismo Comparado”, *Revista del Instituto de Altos Estudios Europeos*, n. 1, 2013.
- PANIAGUA SOTO, J.L. “Los estudios sobre el Parlamento y el Control Parlamentario: una aproximación desde la Ciencia Política”, Tudela, J. (coord.), *Los parlamentos autonómicos en tiempos de crisis*, Fundación Manuel Giménez Abad de Estudios Parlamentarios y del Estado Autonómico, Zaragoza, 2015.
- PÉREZ ROYO, J., *Curso de Derecho Constitucional*, Marcial Pons, Madrid, 1997.
- PIZARRO MARTÍN, J.A., “Las ambigüedades del régimen semipresidencial: la experiencia de la federación de Rusia”, *Revista de Derecho de la UNED*, n. 5, 2009. <https://doi.org/10.5944/rduned.5.2009.10991>.
- PORRAS NADALES, A., “Las preguntas escritas en la práctica parlamentaria española”, *Revista de Estudios Políticos (Nueva Época)*, n. 19, 1981.
- RAZQUIN LIZÁRRAGA, M., “El control parlamentario del Gobierno de España”, *Revista Jurídica de Navarra*, n. 41, 2006.
- RENIU, J.M., *Sistema Político Español*, Editorial Huygens, Barcelona, 2012.
- ROUSSEAU, J.J., *El Contrato Social*, Bordás, 1762.
- SÁNCHEZ MEDERO, G. e SÁNCHEZ MEDERO, R., “El Sistema Político y sus elementos”, Sánchez Medero, G. e Sánchez Medero, R. (dirs.), *Sistemas Políticos de Europa*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2014.
- SARTORI, G., *Comparative Constitutional Engineering: An Inquiry into Structures, Incentives and Outcomes*, Palgrave MacMillan, Londres, 1994.
- SHUGART, M. e HAGGARD, S., “Institutions and public policy in presidential systems”, Haggard, S. e McCubbin, M.D. (eds.), *Presidents, Parliaments, and Policy*, Cambridge University Press, Cambridge, 2001.
- SOLÉ TURA, J., “El control parlamentario en el periodo constituyente y en la Constitución de 1978”, Aparicio, M.A. (coord.), *Parlamento y sociedad civil*, Universidad de Barcelona, Barcelona, 1980.
- SOLOZÁBAL ECHEVARRÍA, J.J., “Algunas consideraciones sobre las reformas estatutarias”, *Teoría y realidad constitucional*, n. 22, 2008.
- TOCQUEVILLE, A. de, *La Democracia en América*, Alianza Editorial, 1835.
- TORCAL, M., MONTERO, J.R. e TEORELL, J., “La participación política en España: modos y niveles en perspectiva comparada”, *Revista de Estudios Políticos (Nueva Época)*, n. 132, 2006.
- WISEDO MAZÓN, F.J., “La realidad de los parlamentos autonómicos desde la aprobación de la Constitución española de 1978”, *Revista de Derecho del Estado*, n. 28, 2012.
- VITORINO, A., “El Control Parlamentario del Gobierno”, *Revista de Estudios Políticos (Nueva Época)*, n. 60-61, 1988.

